

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Secretaría Xeral

Regulamento do rexistro público de subvencións municipais do Concello de Culleredo

ANUNCIO

Aprobado inicialmente polo Concello Pleno, en sesión de data 3 de novembro de 2009, o Regulamento do Rexistro de Subvencións municipais do Concello de Culleredo, e transcorrido o prazo de información pública sen recibirse alegación ou suxestión algunha, enténdese definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, polo que se dá cumprimento ao artigo 70.2 do mesmo texto legal e se procede de seguido á publicación íntegra do citado texto:

REGULAMENTO DO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CULLEREDO.

A disposición Adicional Segunda da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, establece a obriga para as Entidades Locais de Galicia de crear un Rexistro Municipal de Axudas, Subvencións e Convenios que permita a súa consulta pública e a elaboración da correspondente información estatística.

O Concello de Culleredo dá cumprimento a esa obriga creandoo na Disposición Adicional Cuarta da Ordenanza Xeral de Subvencións, aprobada definitivamente por Acordo Plenario de data 29 de setembro de 2009.

En desenvolvemento dese precepto, se dita o presente Regulamento que ven a establecer a súa organización e funcionamento.

Artigo 1. Definición e obxecto do Rexistro.

O Rexistro Público de Subvencións Municipais é o rexistro administrativo onde consta a información relativa ás subvencións e axudas outorgadas polo Concello de Culleredo e os convenios subscritos polo mesmo, que permita a súa consulta pública e a elaboración da correspondente información estatística.

Este rexistro é complementario das obrigas de publicidade ás que están sometidos o Concello e as entidades beneficiarias, de acordo coa lexislación de subvencións e a convocatoria, e xestionarase tendo en conta a necesidade e preservación do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

Artigo 2. Fins do Rexistro.

1. Son fins do Rexistro Público de Subvencións Municipais:

- a) A ordenación e coñecemento da actividade subvencional do Concello.
- b) A coordinación cos rexistros establecidos por outras administracións públicas.
- c) A elaboración de estudos e análises da actividade subvencional do Concello de Culleredo.
- d) A colaboración cos órganos de fiscalización externa das contas e da xestión económica das entidades locais.

2. Corresponde ao Rexistro Público dar cumprimento ás obrigas de publicidade das subvencións, establecidas no artigo 22 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Culleredo.

3. Así mesmo, colaborará coa Intervención Municipal no subministro da información sobre as subvencións concedidas polo Concello de Culleredo á Base de Datos Nacional de Subvencións.

4. A alcaldía-presidencia, en calquera caso, poderá determinar que o subministro de dita información se efectúe directamente a través deste Rexistro.

Artigo 3. Contido do Rexistro.

O Rexistro Público de Subvencións consta, segundo su natureza, dos seguintes epígrafes.

1. Epígrafe 1: Subvencións.
2. Epígrafe 2: Convenios
3. Epígrafe 3: Sancións firmes por infracción da normativa en materia de subvencións.
4. Epígrafe 4: Outros actos o feitos relevantes.

Artigo 4. Contido dos epígrafes.

1. O epígrafe relativo ás subvencións conterá as determinacións seguintes:

- a) Resolución ou acordo aprobatorio da convocatoria
- b) Programa ao que pertence no seu caso.
- c) Crédito orzamentaria e partida orzamentaria asignada.
- d) Órgano que a dita.
- e) Medio e data de publicación da convocatoria da subvención
- f) Resolución ou acordo de concesión da subvencións
- g) Beneficiarios.
- h) Importe da subvención concedida a cada beneficiario
- i) Finalidade ou finalidades da subvención.

2. O epígrafe dos convenios, conterá as determinacións seguintes:

- a) Identificación das partes intervintes.
- b) Data de sinatura do convenio.
- c) Número e data da resolución autorizatoria da sinatura do convenio.
- d) Obxecto e finalidade do convenio.
- e) Crédito e partida orzamentaria asignada.
- f) Importe das achegas libradas en virtude do convenio
- g) Período de vixencia.

3. O epígrafe das sancións conterá as seguintes determinacións:

- a) Número e data da resolución firme sancionadora.
- b) Preceptos infrinxidos
- c) Infracción cometida
- d) Sancións impostas
- e) Identificación do responsable
- f) Identificación da execución da sanción ou suspensión da mesma.

4. O Rexistro conterá, así mesmo, calquera outro acto considerado relevante en materia de subvencións, axudas e convenios, identificando, polo menos, o acordo ou resolución que o dite, interesado ou interesados e obxecto do mesmo.

Artigo 5. Cancelación das sancións do Rexistro.

As sancións inscritas no Rexistro Municipal cancelaranse de oficio ou a instancia de interesado a partir da data do seu cumprimento.

Artigo 6. Instalación e levanza do Rexistro.

1. O Rexistro instalárase en soporte informático, baixo a dependencia da Secretaría Xeral, garantindo a comunicación cos rexistros doutras administracións públicas.

2. A información contida no Rexistro só poderá ser utilizada para o cumprimento das funcións de comprobación polos órganos xestores, de control interno e externo polos órganos competentes, para fins estatísticos e como instrumento de publicidade e transparencia.

Artigo 7. Comunicación de datos polos órganos municipais.

Os órganos municipais están obrigados a comunicar ao Rexistro os datos relativos ás axudas, subvencións e convenios aprobados en exercicio da súa competencia, así como cantos outros poidan precisar para o desenvolvemento das súas actividades.

Artigo 8. Consultas ao Rexistro polos órganos municipais.

Os órganos municipais de contratación e os competentes en materia de subvencións, no exercicio das súas funcións, poderán consultar en calquera momento a información que conste no Rexistro.

Artigo 9. Publicidade dos datos contidos no Rexistro.

1. O contido do Rexistro Municipal de Axudas, Subvencións e Convenios é público, poidendo acceder a él todos aqueles que teñan interese lexítimo, na forma prevista no artigo 37 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2. En todo caso, os datos de carácter persoal que obren no Rexistro, estarán suxeitos ás limitacións para a súa difusión, así como á tutela e protección dos dereitos dos interesados que establece a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

3. As convocatorias de axudas e subvencións e os textos dos convenios, deberán incorporar a cláusula referida á información establecida no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, a efectos da incorporación e tratamento dos datos polo Rexistro Municipal.

Disposición Final.

O presente Regulamento entrará en vigor, de acordo co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de quince días hábiles a contar desde a recepción do acordo de aprobación definitiva na Administración Xeral do Estado e na Xunta de Galicia.

Contra este acordo que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co establecido no artigo 10.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Culleredo, 14 de xaneiro de 2010.

O alcalde,

Asdo: Julio Sacristán de Diego.